



GUNTRODA

(Século X)

Entre as grandes señoras eclesiásticas, como as denomina a historiadora Carmen Pallares, figura esta abadesa de San Martiño de Pazó (Allariz, Ourense), sobriña política da condesa Ilduara Eriz. Ingresou no mosteiro de Pazó e, como Paterna, admitiu a convivencia de monxes e monxas, síntoma significativo do papel das mulleres nun plano de igualdade.

Da súa autoridade e recoñecemento son boa proba as intervencións que tivo en dous mosteiros, o de Santa María de Ribeira (Xinzo de Limia) e o de Santa Comba de Bande. No primeiro dos mosteiros e chamada por Zagaría –filla dos fundadores, Alfonso e Gutina–, cos seus monxes e monxas, restabeleceu a autoridade lexítima. Á morte de Zagaría, Guntroda e os homes e mulleres da súa comunidade, apoderáronse de Santa María de Ribeira, roubaron o que había na igrexa e nos edificios monásticos e destruírono. En Santa Comba de Bande, por tres ocasións, tamén se apoderou do cenobio de forma temporal aínda que, finalmente, ficou baixo a autoridade dos monxes celanovenses. Chegou a dispor a organización de forzas armadas para reclamar os seus dereitos sobre estas posesións.



RAGONTA

(Século X)

Pertenceu a unha familia aristocrática de relevo no territorio de Galicia e integrada no mesmo grupo de Ilduara Eriz, da que era sobriña. Era filla de don Gonzalo Bette, conde de Tui e do Deza, e de Teresa Eriz. No ano 922 casou co rei Ordoño II e foi por breve tempo raíña consorte de León. O matrimonio durou un ano, mais non foi por repudio senón por intereses políticos a súa disolución. Apartouse do mundo e retirouse ao mosteiro de Santa María de Salceda (Pontevedra), probablemente dúplice, fundado por ela o ano 923. Non tivo ningún cargo na comunidade. Viviu nela como fundadora e patroa do cenobio mais actuou, no exterior do mosteiro, con ampla liberdade. Co seu irmao, don Pelayo, defendeu as propiedades que lles pertencían, no ano 956, cando convocaron unha assemblea no territorio do Salnés.

Os vínculos que a uniron ao bispo Rosendo convertérona en personaxe dun dos milagres asociados á elevación do citado bispo aos altares. Tivo culto na Orde beneditina e no Baixo Miño.





ARÍA PÉREZ [“María Balteira”]

(Século XIII)

Soldadeira. É a muller máis veces citada nos cancioneiros galego-portugueses medievais. Tiña o oficio de soldadeira –muller adscrita á corte que recibía a *soldada* polo seu traballo de cantante e bailarina– e brillou nas cortes de Fernando III e Alfonso X o Sabio. No que di respecto á figura das soldadeiras, abundan os tópicos sobre elas e María Balteira non foi unha excepción: as composicións en que aparecen preséntana como xogadora de dados, estafadora, mala perdedora, astuta, enganadora, agoireira, transmisora de enfermidades... e non se fai alusión ao seu oficio, semellan-

te ao das xogras. Nas ilustracións do *Cancioneiro da Ajuda*, as soldadeiras aparecen danzando, tocando as castañolas ou o pandeiro na compañía do xogar que tanxe unha guitarra ou unha viola.



Representación de María Balteira, segundo unha xilografía de Luís Seoane.

Das investigacións de Menéndez Pidal, Martínez Salazar ou Carlos Alvar pódense tirar algúns datos biográficos que parecen seguros: de familia nobre, con propiedades en Armeá (Betanzos), onde posibelmente naceu, debeu ir á corte sendo moi nova pois xa era coñecida en tempos de Fernando III. A súa beleza foi utilizada máis dunha vez para fins políticos. Varias cantigas de escarnio aluden ás súas andanzas por terras de León, Castela e Aragón e, inclusive, por terras de mouros. Tamén parece segura a súa viaxe a Terra Santa arredor de 1257. Por estas datas, e posteriores, fixo cuantiosas vendas e doazóns aos mosteiros de Sobrado e Monfero. A súa popularidade foi enorme, sobre

todo na corte de Alfonso X, onde debeu destacar pola súa arte, embora os trovadores falen dela en ton desenfadado e obsceno. Mudou de vida ao entrar na vellez e acrescentou as súas prácticas relixiosas e, nen tan sequera entón, cesou o escarnio. Xa entrada en anos, acompañou Alfonso X na cruzada contra o rei de Túnez.

María Balteira foi inmortalizada na sátira medieval, onde aparece como (*a*) *Balteira*, *María Pérez* ou *María Balteira*, en cantigas de Alfonso X o Sabio, Pero García Burgalés, Joam Baveca, Fernam Velho, Vaasco Pérez Pardal, Pero Amigo de Sevilla, Pero Mafaldo, Joam Vaásquez, Pero García de Ambroa, Pero da Ponte, Pero García Burgalés; cantigas onde é retratada como paradigma de todos os vicios e transgresións. Nun rigoroso estudo sobre “A mulher nos cancioneiros. Notas para um anti-retrato descortês” (*Simposio Internacional Muller e Cultura*, 1993), José Luís Rodríguez opina que moitas das “Marías” citadas nas cantigas de escarnio e maldicer encobren a célebre soldadeira.

Na literatura galega moderna segue sendo motivo de inspiración para autores e autoras de poesía, narrativa e teatro: Lorenzo Varela dedicoulle un fermoso poema en “Catro poemas para catro gravados” (1944), aos que puxo música o

compositor Julián Bautista (*Catro cantos galegos*, 1946); Dictinio del Castillo Elejabeytía cantouna en “A Balteira” (*Lirios de Compostela*, 1947); Xosé María Álvarez Blázquez dedicoulle a composición “María Balteira da saya çintada” (*Cancioeiro de Monfero*, 1953); Manuel María escribiu “Balada pra María Balteira” (*O libro das baladas*, 1977). Darío Xoán Cabana é o autor do poema a ela dirixido, que editou A Quenlla, con música de Xosé Luís Rivas (*As nosas cancións. María Balteira, vol. II*, 1998).

Canto á narrativa, na revista *Luzes de Galiza* (1991), Henrique Rabunhal Corgo publicou o relato “Carta do clérigo Chucho Malfado a María Peres, a Balteira”; Marica Campo dedicoulle un relato no libro *Confusión e morte de María Balteira* (1996); tamén Ánxela Gracián, “As noites en que o vento asubía o teu nome” (en *Narradoras*, 2000). A partir das cantigas de escarnio en que aparece mencionada, Manuel Romay López novelou a súa biografía na obra *María Balteira: a soldadeira máis fermosa da corte do rei Sabio* (2013). No teatro, Luís Seoane inspirouse nela para a personaxe de Minia, da súa obra teatral *A soldadeira* (1957) e Marica Campo é a autora da peza *Confusión de María Balteira* (2006).

Sobre esta soldadeira, que pasou á literatura, ás artes plásticas (Luís Seoane) e á música, hai bibliografía abundante. Por citar unha achega: *Tres mulleres galegas de armas tomar: María Balteira, María Castaña, María Soliña* (2009), da autoría de Guillermina Domínguez Touriño e Felicia Estévez Salazar.



MARÍA PÉREZ

(Século XIII)

Segundo Carmen Pallares, na Idade Media “as escolas urbanas estaban ben asentadas e a presenza nelas das mulleres non debía ser infrecuente, sobre todo a partir do século XIII, posto que, cada vez máis as mulleres exercen profesións que esixen formación escolar. E, nese contexto, non é xa impensable tampouco o desempeño do maxisterio elemental por parte de mulleres e, talvez, en escolas para nenas”. As ilustracións de códices manuscritos preséntanas ensinando na escola de cidade.

Este debeu ser o caso de María Pérez que, en 1258, xunto co seu fillo Pedro Peláez, exercía esta función en Betanzos. Nos documentos aparece citada como “dicta magistra”.





ONCEPCIÓN PÉREZ IGLESIAS

(Santiago de Compostela, 1881-Lantaño, Portas, Pontevedra, 1939)

Mestra e primeira alcaldesa dun concello galego. Cursou a carreira de Maxisterio na súa cidade natal, cuxo título obtivo en 1903 e en 1905 aprobou as oposicións. Exerceu a docencia en Caldas, onde coñeceu a Amador Méndez Santamaría, co que casou en marzo de 1907. Destinada á escola de Portas, fixou a residencia en Lantaño, parroquia dese concello, onde ficou durante moitos anos.



En 1925, a proposta do gobernador civil, foi elixida alcaldesa de Portas, tras a renuncia do anterior alcalde. A designación da compostelá para ocupar o goberno do concello o día 9 de xaneiro de 1925 significou un fito importante para as mulleres: era a primeira que ocupou o cargo de alcaldesa en Galicia e en todo o Estado. Os xornais fixéronse eco da noticia: *El Pueblo Gallego* de 11 de xaneiro de 1925, co titular “Una mujer gallega es la primera que en España asume el cargo de alcalde”, sinalaba que “la mujer gallega, acostumbrada ya, por ausencia de los

hombres, al cuidado de la tierra y de los negocios familiares, se ve elevada ahora a las altas categorías ciudadanas”.

Pola súa parte, *El noticiero gallego: semanario destinado a fomentar los intereses morales y materiales del Magisterio de primera enseñanza*, de 18 de xaneiro de 1925, titulaba a noticia “La primera mujer española, Alcalde” e manifestábase nestes termos: “Hasta ahora la mujer española se hallaba apartada de los cargos públicos. El nuevo Estatuto municipal concedióle personalidad política y el derecho a ser electora, y por consecuencia goza de los mismos privilegios que los hombres para el desempeño de aquéllos. No puede dudarse que la mujer es el Ministro de Hacienda del hogar y es casi siempre una gran administradora del peculio de la familia. Pues siendo así, como el Municipio no es más que la prolongación de la familia, es seguro que en la Alcaldía sabrá administrar admirablemente los intereses del vecindario.”

O nomeamento foi celebrado pola vecindade, que deu mostras do agradecemento á mestra e recién nomeada alcaldesa, coa actuación das bandas de música de Lantaño, a Banda de Charco e a Banda Popular de Lantaño. Coa reestruturación e cesamento do persoal dos concellos, finalizou o seu mandato en xaneiro de 1930.

Concepción Pérez volveu á docencia e, a comezos de 1936, por concurso de traslado, pasou á Escola Nacional de Guadalupe, en Santiago de Compostela. Morreu tres anos despois.



URANIA MELLA

(Vigo 1900 - Lugo 1945)

Acción político-social. Criada no seo dunha familia numerosa de raigame anarquista –filla de Ricardo Mella, xornalista, teórico do anarquismo, e de Esperanza Serrano– estudou na Escola de Artes e Oficios de Vigo, foi profesora de piano e desenvolveu un importante traballo socio-cultural no seu barrio de Lavadores. Preocupada pola educación feminina, ensinou a ler e escribir ás mulleres analfabetas na Casa do Pobo. Na década de 1930 presidiu a “Unión de Mujeres Antifascistas” (UMA) de Vigo, unha sección de “Mujeres contra la Guerra y el Fascismo”, que en 1936 tiña 50.000 afiliadas en España.



Casada con Humberto Solleiro Rivera –presidente da Sociedade Cultural e Deportiva de Lavadores–, con quen tivo catro fillos, o seu activo labor na UMA veríase truncado tras o alzamento militar de 1936. Viuse obrigada a fuxir co seu home, para salvaren as vidas, e foron detidos en Redondela. Condenados a pena de morte, o seu home apareceu asasinado nunha cuneta en setembro de 1936; a ela conmutáronlle a pena e foi sentenciada a doce anos de prisión. Estivo presa nove anos en Saturrarán (Guipúzcoa) – un dos cárceres máis crueis do réxime franquista, a onde ían

as mulleres clasificadas como “extremadamente rebeldes e perigosas”–, onde coincidiu coas galegas Isabel Ríos e Josefina García Segret, entre outras.

Ao drama da viuvez e condena carceraria, uniuse a incompreensión e recriminación dos familiares do seu home por non ter caído con el, e a influencia exercida nos seus fillos por estes familiares, segundo relata Josefina García Segret en *Abajo las dictaduras* (1982). Tras un longo período de cárcere, recuperou a liberdade e trasladouse a Lugo cun dos fillos a casa de María Gómez, coa que coincidira en Saturrarán, e alí faleceu, un mes despois de saír do cárcere. O pleno do concello de Vigo, de 31 de decembro de 2008, acordou dedicarlle unha rúa na cidade.

Na entrada biobibliográfica “Urania Mella. Presidenta da Unión de Mulleres Antifascistas de Vigo”, do “Álbum de mulleres” do Consello da Cultura Galega, figura un poema escrito en decembro de 2006 pola súa filla Alicia Solleiro Mella, que mostra a trágica historia da súa nai, e que se reproduce tal cal figura: “Fuiste una mujer buena/ culta y generosa/ te educaron en la libertad/ y en la tolerancia/ te adelantaste a tu tiempo/ y junto con tu marido/ quisisteis cambiar la sociedad/ en la guerra civil/ mataron a tu compañero/ y tus enemigos/ te encerraron nueve años/ con mucho sufrimiento y padecer/ tuviste cuatro hijos, / ME HABLARON MAL DE TI/ y no te quise como merecías./ El descubrimiento de tu vida/ hizo cambiar la mía/ al salir de la barbarie carcelaria/ dejaste de existir./ Sólo después te quise madre mía/ pero no te lo pude decir./ Y te aseguro madre/ que acabaré aquello/ que tú no pudiste hacer.



ARMEN PÉREZ GARCÍA [Carmen Barcia]

(Noia, A Coruña, 1902-1993)

Armadora. Filla de Manuel Pérez, da saga procedente de Barcia, Asturias, radicada en Noia e dedicada ao comercio marítimo. Ao morreren os pais, co seu irmán Manuel, fíxose cargo da empresa familiar fundada en 1941, *Navales Barcia S.L.*, dedicada á cabotaxe. A súa actividade como armadora espertou a curiosidade dos consignatarios cos que contactaba, que non acreditaban que houbera unha muller á fronte dunha empresa de barcos e achegábanse ás oficinas para comprobar a súa identidade feminina.



Naquela altura a empresa xa tiña o “Virgen del Coro” e o “Barcia” –que estivo parado en Valencia dous anos, durante a guerra, xustamente na súa primeira viaxe–. A empresa foi medrando e converteuse nunha das máis potentes do sector. A frota pesqueira continuou en aumento co “Olga”, barco lagosteiro de orixe francesa, que foi reconvertido a cabotaxe e tiña sona de ser o máis rápido da zona. O “Carmen Barcia”, varias veces vendido e con diferentes nomes –na actualidade, rehabilitado e co seu nome primitivo áchase no peirao de Vilagarcía–. Tamén da súa frota foron o “Manuel”, o “Delfina Barcia”, o “Industrial” e o “Valentina Barcia”. En sociedade con outros tiña parte no “Maniños”, o “Lea” e o “Coruña”. A medias con Dávila e Ascón, mercou un barco grego de 1200 toneladas, o “Georgius Mateas”.

Os barcos de *Navales Barcia S.L.* facían viaxes desde o porto de Pasajes até Barcelona, pasando por Santander, Xixón, A Coruña, O Freixo, Marín, Vigo, Lisboa, Huelva e Cádiz. Levaban sobre todo madeira e, ás veces, volvían con sal de Torrevella.

Carmen Pérez traballou toda a vida. Comezara, aos 11 anos, como recadeira no Banco de Vigo de Noia, onde permaneceu dous anos. Posteriormente, involucrouse de tal forma na empresa familiar que, como lembra o seu fillo José Manuel Pérez Pérez –que proporcionou estes datos biográficos–, o único día do ano que non traballaba era o Venres Santo pola tarde.





ARÍA JOSEFA WONENBURGER PLANELLS

(Oleiros, A Coruña, 1927- A Coruña, 2014)

Científica, unha autoridade en Matemáticas. Realizou os primeiros estudos no Colexio Francés da Coruña, dos 4 aos 7 anos. Aos dez anos ingresou no Instituto Eusebio da Guarda e cursou nel toda a ensinanza secundaria, que finalizaría en 1944. Desde moi nena sentía inclinación polas matemáticas e, ao finalizar o bacharelato, como na Universidade de Santiago non se podía cursar a carreira completa,



trasladouse a Madrid e, instalada na Residencia de Señoritas, cursou a carreira na Universidade Central de Madrid de 1945 a 1950, ano en que finalizou a licenciatura. Alumna moi destacada e coñecida polo alumnado e profesorado da facultade, fixo estudos de doutoramento cos profesores Germán Ancochea e Tomás Rodríguez Bachiller, entre 1950-1953, e este último ano obtivo unha bolsa Fulbright –foi a primeira española en obtela– para realizar estudos de doutoramento nos EE.UU. Foi enviada á Universidade de Yale para estudar con Nathan Jacobson e alí se doutorou en 1957.

Regresou a Madrid ese mesmo ano e, até 1960, estivo becada no Instituto Matemático Jorge Juan do Consello Superior de Investigacións Científicas. Como o título de douto-

ra non lle foi convalidado, tivo que realizar unha nova investigación, dirixida polo profesor Germán Ancochea. Coas escasas perspectivas laborais que había en España, e máis para unha muller, entre 1960 e 1983 foi profesora das universidades de Ontario, Toronto, Búfalo e Indiana. En Canada permaneceu seis anos. Era a única profesora de Matemáticas da universidade de Toronto, onde tivo o primeiro alumno de doutoramento, o destacado alxebrista Robert Moody, que a elixiu para que lle dirixise a súa tese. En Búfalo permaneceu un ano e de alí foi para a Universidade Estatal de Indiana, onde estivo 16 anos. Foron anos de relación con matemáticos de referencia (como Jean Dieudonné, H.S.M. Coxeter, Max Zorn ou Gian-Carlo Rota, Julio Rey Pastor ou Nathan Jacobson), e dun intenso labor investigador, e alcanzou a categoría de Full Professor na Universidade de Indiana en 1967. Entre os seus discípulos atópanse matemáticos de grande prestixio internacional como o xa mencionado Robert Moody ou Stephen Berman.

Debido á enfermidade da nai, en 1983 abandonou a docencia e regresou á Coruña. Mais o que nunca deixou foi a súa paixón polo mundo das Matemáticas. Está considerada como a nai da teoría de Kac-Moody –en colaboración co seu alumno Robert Moody é a autora das álxebras de Kac-Moody, utilizadas desde a década dos 70 en aplicacións físicas e matemáticas– e é autora de numerosos artigos publicados en revistas científicas de grande prestixio, alén de ter dirixido oito teses de doutoramento.